



SEC 2015-102

ACORDO SUSTITUCIÓN NOITES DA POLICÍA LOCAL POR COMPENSACIÓN ECONÓMICA

En Verín a, 8 de Maio de 2015

**ACORDO
EN RELACIÓN Á SUSTITUCIÓN DE NOITES DA POLICÍA LOCAL
POR COMPENSACIÓN ECONÓMICA VARIABLE**

Reunidos na Casa Consistorial, en data 8 de maio de 2015, o Concello, representado polo Alcalde, D. Juan Manuel Jiménez Morán, o representante da CIG, Manoel Anxo García Torres e o persoal funcionario, actuando a través dos representantes sindicais presentes na Mesa Xeral de Negociación, D. Justo Orbán Parapar e D. José Salgado Gago.

EXPOÑEN

Que o artigo 29.2 do Acordo Regulador das Condicións de Traballo do Persoal Funcionario deste Concello establece que "por cada xornada de traballo en horario nocturno que realice un funcionario, terá dereito á redución dunha xornada en horario diurno e así sucesivamente".

Así pois, ambas partes, tralo proceso negociador correspondente e tralo desenvolvemento das reunións necesarias para iso

ACORDAN

PRIMEIRO.– Establecer o sistema provisional que se detalla no punto segundo deste escrito, mentres non se pacte unha regulación definitiva na RPT ou Acordo Regulador das condicións de traballo do persoal funcionario do Concello de Verín.

SEGUNDO.– Constituír, consonte co disposto no artigo 42 do Acordo Regulador das Condicións de Traballo do Persoal Funcionario, unha bolsa de produtividade para o Servizo Municipal de Policía Local, por un importe máximo de 52.500,00 euros anuais a distribuír entre os membros do Servizo Municipal de Policía Local, en base ás seguintes regras:

- a) A realización de servizos nocturnos constituirase nun dos elementos que haberán de terse en conta, como factor de especial rendemento, á hora de distribuír a produtividade entre os membros do Servizo de Policía Local, debéndose avaliar na contía de 65,00 euros brutos por servizo nocturno realizado, cun máximo de cinco servizos nocturnos por axente en cada mensualidade.
- b) A dispoñibilidade completa durante os servizos nocturnos, para a prestación dun servizo en calquera momento en que resulte necesario, constituirase nun dos elementos que haberán de terse en conta, como factor de especial rendemento, á hora de distribuír a produtividade, para o máximo responsable do servizo, debéndose avaliar nunha contía total equivalente á media a percibir polos diferentes axentes, máis unha contía de 150,00 euros brutos mensuais, cun límite máximo de 475,00 euros brutos.
- c) En cada mensualidade, cara á elaboración da nómina do persoal municipal, o máximo responsable do Servizo Municipal de Policía Local emitirá informe, no que se determinará o número de servizos nocturnos que cada axente realizou durante o mes inmediato anterior, a efectos de que os servizos municipais liquiden as cantidades a percibir, aprobándose por Decreto de Alcaldía e incorporándose

á nómina do mes en curso.

TERCEIRO.- Dotar ao presente acordo dunha vixencia temporal e provisional de 1 ano, deica o día 01/06/2016; prorrogándose, previo acordo expreso entre as partes, por períodos de 1 ano, entremetres non se aprobe unha Relación de Postos de Traballo, na que se realice unha nova avaliación das circunstancias e condicións concorrentes en cada posto de traballo.

CUARTO.- Aplicar as disposicións contidas no presente Acordo con efectos do día 23/03/2015.

QUINTO.- Tomar o resultado da presente negociación como base para a negociación da futura RPT do Concello de Verín, de tal xeito que o complemento específico que se poida pactar ha de partir do acordado nesta negociación, en materia de compensación económica do traballo realizado en horario nocturno.

SEXTO.- En caso de conflito sobre a interpretación do presente Acordo resolverá a Comisión de Seguimento do Acordo Regulador das Condicións de Traballo do Persoal Funcionario.

SÉTIMO.- Xunto con este acordo as partes aproban o calendario laboral para o Servizo da Policía Local para o ano 2015, en base ao documento que en anexo se achega.

En consecuencia, ambas partes, recoñecéndose mutuamente plena capacidade para a negociación desenvolvida e mostrando a súa plena conformidade cos apartados anteriores, acordan formalizar o presente acordo, en Verín a 8 de maio de 2015

O ALCALDE;



A PARTE SINDICAL;

